

03 -08-2012

Boletín do estado actual do mildiu no Salnés

Risco a curto prazo (esta mesma semana)

A predición meteorolóxica indica que os próximos días presentarán temperaturas mornas e humidades relativas nocturnas elevadas e posibilidade de choivas localizadas pero extremadamente febles.

Aínda que a presión actual do mildiu e baixa segue existindo a posibilidade de que se manifesten síntomas en folla e incluso en acio debidos a imperfeccións puntuais na calidade dos tratamentos aplicados ou por aireamento deficiente. Adicionalmente, un control deficiente e excesivamente laxo podería derivar en síntomas de relevancia nos acios pois aínda e posible teñan danos por mildiu.

Nesta situación, se ben o nivel de risco non semella elevado, compre manter a vixilancia sobre todo tras días como o de onte onde o histórico de risco da plataforma confirmou condicións de infección.

Risco a medio prazo (semana próxima)

A semana que ven seguiremos a ter inestabilidade sobre todo contra o final da semana e parece que, a lo menos ata a finais da semana que ven, non se esperan choivas de importancia.

Dita inestabilidade podería derivar en que na segunda metade da semana sexa extremadamente recomendable realizar visitas a campo e avaliar a evolución do mildiu, tarefa para a cal podemos empregar o semáforo de risco da plataforma. Igualmente, dado que durante esta fin de semana tamén é posible que se rexistren condicións favorables ao mildiu tamén é recomendable que o luns próximo se faga unha visita as parcelas.

Estratexia xeral recomendada

A nivel xeral, á luz da información dispoñible semella axeitado que aqueles que non visitachedes as parcelas recentemente o fagades hoxe e tratades se tendes síntomas. No caso de ter as parcelas limpas, seguiría sendo recomendable planificar unha visita a inicios da semana que ven e outra a finais dado que tanto durante esta semana coma a finais da semana que ven existe risco de ter condicións de infección secundaria.

Ademais de tratar contra o mildiu se vedes síntomas tamén recomendamos, sobre todo nas parcelas onde este ano se están a ter problemas para controlar o mildiu, que non alonguedes os tratamentos máis aló dos 10 días. No resto de casos, e dicir nas parcelas onde o mildiu este ano non foi especialmente problemático e os viticultores podedes visitar as parcelas con certa regularidade, podemos manter unha estratexia eminentemente reactiva tratando se vemos síntomas.

Coma sempre, á hora de renovar tratamentos, aqueles viticultores que teñan problemas con infeccións anteriores deberán pedir consello os técnicos sobre a materia ou materias activas a empregar. En todo caso, teñan ou non problemas para controlar as infeccións, deben cambiar de familia de materia activa a lo menos cada tres aplicacións para previr resistencias.

Días recomendados para dar os seguintes tratamentos

Segundo indican os servizos de predición meteorolóxica, é posible que durante a fin de semana teñamos choivas puntuais e moi febles sobre todo durante o domingo. Aínda que en principio calquera día ata finais da semana que ven poderían renovarse os tratamentos, os mellores días semella que serán hoxe venres e durante o inicio da semana que ven.

Un cordial saúdo,
plataforma SICOM do proxecto Viñas Atlánticas